



**I PLAN**  
**IGUALDADE**  
**ENTRE MULLERES E HOMES**  
2016-2019  
AS NEVES



**Organismo responsable: Concellería da muller. AS NEVES.**

**Coordinación: Concellería da Muller**

**Redacción: GRUPO ARESTORA.**

**Deseño e edición: GRUPO ARESTORA. 2016**

## LIMIAR

I.	INTRODUCCIÓN .....	3
II.	DIAGNOSE DE SITUACIÓN.....	4
III.	I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES MUNICIPAL. 2016-2019.....	12
III.I.	MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA .....	12
III.II.	PRINCIPIOS.....	16
III.III.	ÁREAS DE INTERVENCIÓN.....	17
IV.	CONTIDO DO I PIOM .....	19
V.	SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. ....	47
VI.	VIXENCIA .....	47
VII.	RECURSOS ECONÓMICOS DISPOSTOS.....	48
	ANEXO I: MODELO DE FICHA DE SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DE MEDIDAS.....	49

## I. INTRODUCCIÓN

O Concello de As Neves inicia a elaboración do **Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres partindo dunha diagnose da situación do concello, e da realidade do ano 2016 para o período 2016-2019.**

Con anterioridade levouse a cabo un plan de igualdade denominado "I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES" período 2006\_2008, do que non foi posible realizar a súa **avaliación**, xa que as actuacións dispostas, non tiveron seguimento algún dende o punto de vista cualitativo e cuantitativo (tal e como se dispoñía nos indicadores de seguimento do propio Plan).

Ante esta situación, sen persoal responsable de referencia nin datos da execución do I PIOM, **óptase por elaborar un I PIOM, partindo dunha nova diagnose de situación do Concello**, actualizada á realidade do ano 2016, elaborada por persoal externo e coordinada dende o Concello, co obxecto de garantir a obxectividade, transparencia e participación na recollida de datos.

## II. DIAGNOSE DE SITUACIÓN.

### DATOS POBOACIONAIS




O Concello de As Neves, segundo os últimos datos poboacionais publicados no IGE (15/02/2016), conta cunha **poboación de 4.040 persoas, representando as mulleres o 51,01% do total** (2.061 mulleres).

**Por tramos de idade**, a poboación en idade de traballar comprendida **entre os 16 e os 64 anos, supón o 61,18%**, estando case igualados os tramos de 35-39, 40-44, 45-49, nos que se agrupan o maior número de mulleres e homes (cunha media de 293 persoas en cada un deses tramos).

<b>GRUPO IDADE</b>	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
0-4	123	66	57
5-9	150	85	65
10-14	143	73	70
15-19	159	80	79
20-24	177	87	90
25-29	203	120	84
30-34	257	133	124
35-39	293	146	147
40-44	293	146	147
45-49	292	165	127
50-54	258	120	138
55-59	263	139	124
60-64	277	124	153
65-69	272	146	126
70-74	246	103	143
75-79	247	98	149
80-84	215	88	128
85 e máis	171	59	111
<b>Total</b>	<b>4.040</b>	<b>1.979</b>	<b>2.061</b>
<b>% SOBRE O TOTAL</b>	<b>100,00%</b>	<b>48.99%</b>	<b>51.01%</b>

## DATOS POBOACIONAIS



Fonte: IGE BASE. FEBREIRO 2016.

O Concello presenta un **saldo vexetativo de -54** (diferenza entre nacementos e defuncións rexistrada ao peche do exercicio 2015), situándose a **idade da maternidade entre os 30 e os 34 anos**, segundo os últimos datos municipais dispostos no IGE.

Ano	Saldo vexetativo
2011	-42
2012	-43
2013	-41
2014	-37
<b>2015</b>	<b>-54</b>

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación (08.07.2016)

Se analizamos o **perfil das mulleres que foron nai**, destaca que **o 56% se atopaban en activo**.

<b>NACEMENTOS SEGUNDO A ACTIVIDADE DA NAI</b>	<b>Total</b>	<b>Activas</b>	<b>Inactivas</b>	<b>Non consta ou non poden ser clasificadas</b>
Ano 2014	<b>25</b>	<b>14</b>	<b>11</b>	<b>0</b>
% sobre total		<b>56%</b>	44%	0,00%

**Atendendo á idade da nai**, obsérvase como o maior número de nacementos rexistrados se produce entre os 30 e 39 anos.

<b>IDADE DA NAI</b>	<b>Nº DE NACEMENTOS</b>
Menos de 20 anos	1
De 20 a 24 anos	0
De 25 a 29 anos	5
<b>De 30 a 34 anos</b>	<b>9</b>
<b>De 35 a 39 anos</b>	<b>8</b>
De 40 a 44 anos	2
De 45 e máis anos	0
Total	25

Fonte: IGE, INE. *Movemento natural da poboación*. 2014.

En canto ao envellecemento da poboación sinalar que o **ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO** (*Relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos*) foi medrando desde o ano 2011 chegando a un 200% en 2015, e no que se detaiamos por xénero, as mulleres acadan o 242%.

En canto ao sobreenvellecemento (**ÍNDICE SOBREENVELLECIMENTO**. *Relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos*), indicar que acada o 14% total.

O **ÍNDICE DE DEPENDENCIA GLOBAL** (Relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos), é do 63% en global, chegando ao 50% no caso dos homes e o 70% no caso das mulleres para o ano 2015.

	ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO			ÍNDICE DE SOBREENVELLECIMENTO			ÍNDICE DE DEPENDENCIA GLOBAL		
	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES
2011	190,6	147,4	239,7	12,1	9,6	13,9	61,8	53,7	70,5
2012	196,4	150,7	250,8	12,5	10,6	13,9	62,3	55	70
2013	192,2	151,6	237,8	14,1	14	14,2	61,9	55	69,2
2014	196	159,2	235,6	14,6	11,5	16,8	62,2	54,5	70,5
2015	200,1	162,2	242,7	14,8	12	16,9	63,4	57	70

### **DATOS DE EMPREGO E OCUPACIÓN**

O Concello de As Neves, pecha o ano 2015 cun total de **512 contratos rexistrados**, representando as contratacións femininas o **22,74% do total**.

<b>TIPOLOXÍA 2015</b>	<b>TOTAL</b>	<b>HOMES</b>	<b>MULLERES</b>	<b>% FEMININA</b>
Total de contratos rexistrados	<b>512</b>	<b>279</b>	<b>233</b>	<b>45.5%</b>
Total de contratos iniciais	<b>504</b>	<b>275</b>	<b>229</b>	<b>45.43%</b>
Indefinido ordinario e fomento do emprego	9	8	1	
De obra ou servizo	208	126	82	
Eventual por circunstancias da produción	158	95	63	
Interinidade	73	11	62	
En prácticas	1	1	0	
Para a formación	3	2	1	
Outros	52	32	20	
Conversións a indefinidos	<b>8</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>50%</b>



Analizando os datos **segundo o tipo da contratación rexistrada**, obsérvase que a maioría se formalizan a xornada completa, resultando femininas, o 22.85%.

<b>A TEMPO COMPLETO</b>	<b>Total</b>	<b>% SOBRE TOTAL</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>% Feminina</b>
Total de contratos rexistrados	334	65.23%	217	117	22.85%
Total de contratos iniciais	329	65.27%	214	115	22.81%

Nos datos das seguintes táboas, pódese constatar como a contratación feminina divídese case ao 50% nas dúas **modalidades de contratación analizadas** (a tempo completo e a tempo parcial), mentres que no caso dos homes, o tipo de contratación concéntrase na modalidade a tempo completo, o que de entrada, supón unha diferenciación salarial e de duración das contratacións entre xéneros. Na modalidade de fixo discontinuo, non existen contratos rexistrados.

<b>A TEMPO PARCIAL</b>	<b>Total</b>	<b>% SOBRE TOTAL</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>% Feminina</b>
Total de contratos rexistrados	178	34.76%	62	116	22.65%
Total de contratos iniciais	175	34.72%	61	114	22.61%

Analizando as **contratacións iniciais** rexistradas no último mes de outubro de 2016 por sectores económicos de referencia, obsérvase que **o maior número segue a rexistrarse no sector servizos**.

	<b>Total</b>	<b>Agricultura e pesca</b>	<b>Industria</b>	<b>Construción</b>	<b>Servizos</b>
Total	167	51	38	11	67
Homes	84	29	18	11	26
Mulleres	83	22	20	0	41

**Por sector de actividade, o Concello conta cun total de 214 empresas, predominando sobre o resto as dedicadas ao sector servizos (132 empresas).**

	<b>Total</b>	<b>Agricultura e pesca</b>	<b>Industria</b>	<b>Construción</b>	<b>Servizos</b>
Total	214	<b>32</b>	<b>18</b>	<b>32</b>	<b>132</b>

Fonte: IGE. Empresas con actividade en Galicia segundo sede social e actividade principal a 30/12/2015

Por último, se atendemos aos datos de **paro rexistrado** do ano 2015, no Concello de As Neves **rexístranse un total de 508 persoas, 269 homes e 240 mulleres, representando estas o 47,24% do total.**

		<b>IDADE</b>									
	<b>Total</b>	<b>16 a 19</b>	<b>20 a 24</b>	<b>25 a 29</b>	<b>30 a 34</b>	<b>35 a 39</b>	<b>40 a 44</b>	<b>45 a 49</b>	<b>50 a 54</b>	<b>55 a 59</b>	<b>60 a 64</b>
<b>Total</b>	<b>508</b>	<b>5</b>	<b>28</b>	<b>50</b>	<b>50</b>	<b>69</b>	<b>63</b>	<b>74</b>	<b>61</b>	<b>66</b>	<b>43</b>
Homes	269	4	17	26	22	27	28	45	33	44	21
Mulleres	240	2	10	24	28	42	34	29	27	22	22

Atendendo aos datos de **Paro rexistrado segundo xénero, grupos de idade e duración da demanda**, obsérvase como tanto no caso dos homes como no das mulleres, se atopan comprendidos en persoas desempregadas de 25 e máis anos con máis dun ano de desemprego. No caso dos homes, este perfil representa o (24,8%) e no caso das mulleres representa o (23,6%) do total de desempregados do concello.

	TOTAL			HOMES			MULLERES		
	total	menos de 25	25 e máis	total	menos de 25	25 e máis	total	menos de 25	25 e máis
Total	508	33	475	269	21	247	240	12	228
Menos ou igual a un 1 mes	41	4	37	23	3	21	18	2	16
Máis de 1 mes e menos ou igual a 6	131	14	117	72	9	63	59	4	54
Máis de 6 meses e menos ou igual a 1 ano	82	6	76	42	4	38	40	2	38
Máis de 1 ano	255	9	245	132	6	126	123	3	120

Fonte: Metodoloxía SISPE (datos mensuais desde maio de 2005). IGE BASE

Por sector de actividade, **o paro rexistrado para ambos xéneros en 2015 concéntranse no sector servizos e a industria.**

	Paro total	Agricultura /Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Total	508	36	74	69	278	51
Homes	269	18	42	68	126	15
Mulleres	240	18	32	1	153	36

Fonte: Metodoloxía SISPE (datos mensuais desde maio de 2005). IGE BASE. 2015

Por último, destacar que tanto no caso nos homes coma no das mulleres, **o paro rexistrado no ano 2015 afecta en maior medida ás persoas con estudos secundarios, tal e como se pode observar na táboa adxunta.**

	<b>TOTAL</b>	<b>HOMES</b>	<b>MULLERES</b>
<b>Total</b>	<b>508</b>	<b>269</b>	<b>240</b>
Analfabetos	2	2	1
Estudos primarios incompletos	15	6	9
Estudos primarios completos	36	20	16
Estudos secundarios	396	218	178
Estudos postsecundarios	59	23	36

*Fonte: Metodoloxía SISPE (datos mensuais desde maio de 2005). IGE BASE*

Os datos expostos, constatan unha segregación ocupacional por sexos e unha menor taxa de actividade feminina, acusada nos últimos anos pola destrución de emprego que se ven producindo no sector servizos no que se viñan ocupando en maior medida.

Esta situación, xustifica a necesidade de seguir impulsando dende o Concello medidas específicas de intervención, dirixidas a impulsar o acceso e permanencia das mulleres no mercado laboral, garantir a súa capacidade económica, participación social e frear en consecuencia a súa exclusión sociolaboral e o saldo vexetativo derivado.

### **III. I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES MUNICIPAL. 2016-2019**

**Para a determinación das áreas, obxectivos e medidas específicas dispostas no I PIOM de As Neves, tivéronse en conta as seguintes cuestións:**

**Diagnose da realidade do Concello** dende unha perspectiva de xénero.

A realización dun **encontro participado con entidades e asociacións locais**, no que se realizou unha detección de necesidades en base as súas demandas, e se recolleron aportacións e ideas para a concreción das medidas de actuación (ver anexo II).

A **programación de accións concretas tendo en conta os recursos dos Concello** (tanto humanos como materiais), establecendo indicadores de referencia en cada unha delas, que permitan realizar un seguimento real das intervencións e o seu impacto.

A **ampliación da vixencia do Plan de Igualdade**, de cara ao desenvolvemento de actividades de maior calado.

#### **III.I. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA**

As políticas públicas de igualdade tenden a desenvolverse a través do denominado “dobre enfoque”, aplicando de xeito simultáneo o mainstreaming (enfoque de xénero de xeito transversal) coas medidas específicas de xénero desenvolvidas por organismos tamén específicos. Trátase por tanto, de dúas estratexias de carácter complementario que perseguen un mesmo obxectivo: a igualdade de xénero.

Ao abeiro permanente da Constitución Española de 1978 – que no seu artigo 14 determina que os españois e as españolas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera

outra condición ou circunstancia persoal ou social– relaciónanse a continuación, o **marco normativo que lle será de aplicación ao disposto neste I PIOM:**

### **Estatal**

- Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.
- A Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica.
- Lei 30/2003, de 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno.
- A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Estratexia nacional para a erradicación da violencia contra a muller (2013-2016).

### **Autonómica**

- A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- A Lei 2/2007, do 28 de marzo, galega do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Todas as normas sinaladas, teñen como obxectivo último a corrección das desigualdades derivadas do sexo/xénero, e regular os métodos e ferramentas para a implementación do principio de igualdade.

Así, no ámbito estatal, a Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes, establece a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes como principio informador do ordenamento xurídico (art.4) e determina que o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, se integrará con carácter transversal, na actuación de todos os poderes públicos, na execución e disposición das súas disposicións normativas, na definición e presupostación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades (Art.15)

No ámbito autonómico, o propio Estatuto de Autonomía para Galicia establece xa a obriga dos poderes públicos galegos, de promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran, sexan reais e efectivas; se removan os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude; e se facilite a participación das galegas e dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

Complete este marco a Lei 2/2007 de 28 de marzo do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia, artellando un aspecto tan importante como a integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas competencias autonómicas sobre emprego e relacións laborais (artigo 1), e establece como medida específica orientada ao ámbito municipal: o apoio aos bancos municipais de tempo, como fórmula concreta de conciliación da vida persoal, familiar e laboral (Capítulo I)

Doutra banda, no referido á violencia de xénero, a Lei Orgánica 1/2004 de 28 de decembro, así como a Lei 11/2007, de 27 de xullo, Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero, recoñecen este tipo de violencia como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade e o seu ámbito de aplicación abarca tanto os aspectos preventivos, educativos, sociais, asistenciais e de

atención posterior ás vítimas, como a normativa civil que incide no ámbito familiar ou de convivencia onde principalmente se producen as agresións.

No ámbito autonómico ademais, establecéronse diversos Plans de Igualdade de Oportunidades. Actualmente está en marcha o **VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013 -2015**, resultado dun proceso de reflexión e compromiso, no que participou a totalidade de órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do sector público autonómico, recollendo as actuacións que cada un deles se comprometeu a desenvolver durante o tempo de vixencia do VI Plan, integradas nos seguintes **eixes estratéxicos**:

- EIXE 1: Mellora da gobernanza a favor da igualdade.
- EIXE 2: Cambio de valores e modelos para a igualdade.
- EIXE 3. Aproveitamento do talento feminino.
- EIXE 4. Conciliación corresponsable e calidade de vida.
- EIXE 5. Participación activa das mulleres na sociedade.
- EIXE 6. Acción integral para combater a violencia de xénero.

*\*Para a determinación das medidas específicas dispostas neste I PIOM, teranse en conta as directrices e os principios reitores establecidos neste VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013 -2015 da Xunta de Galicia.*

O presente I PIOM regúlase ademais, tendo en conta o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na que se establece que o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal (Art.25.1), e se recoñece como competencia do municipio a prestación dos servizos sociais e dos servizos de promoción e reinserción social (Art. 25. 2, apartado k).



### III.II. PRINCIPIOS

O Plan de Igualdade de oportunidades artellarase en torno aos seguintes **principios básicos de intervención:**

- **Transversalidade:** Incorporación da dimensión de igualdade e a perspectiva de xénero no conxunto de políticas e actuacións municipais.
- **Sensibilización:** Impulso de medidas para que homes e mulleres tomen conciencia das situacións de desigualdade.
- **Información:** como condición fundamental para a toma de conciencia e a consecución da igualdade.
- **Formación:** Proceso continuo e permanente en tódolos ámbitos.
- **Participación:** As mulleres deben ter canles de participación nos diversos ámbitos da sociedade coa conseguinte toma de decisións nunha situación de igualdade.
- **Integración:** Impulso de liñas de acción común desde as diferentes áreas municipais mediante a incorporación de todos aqueles servizos, programas e iniciativas dirixidos especificamente ás mulleres, á superación da discriminación por razón de sexo e á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- **Realidade:** As diversas intervencións contempladas no Plan estarán adaptadas á realidade do municipio, segundo os recursos de que dispoña.

### III.III. ÁREAS DE INTERVENCIÓN

O fin último da elaboración e implantación do I PIOM é introducir nas actuacións e xestións do Concello o principio de igualdade de oportunidades e non discriminación entre mulleres e homes, recoñecido como dereito fundamental na Constitución e na normativa de desenvolvemento estatal e autonómica.

Neste marco, establécense como **OBXECTIVOS XERAIS DO GOBERNO MUNICIPAL** na aplicación do I PIOM de As Neves:

1. Impulsar políticas públicas transversais e de acción positiva, que contribúan a crear condicións e estruturas sociais que permitan que a igualdade entre mulleres e homes sexa real e efectiva no ámbito territorial do Concello de referencia.
2. Impulsar a inclusión do principio de igualdade entre mulleres e homes de xeito transversal, nas actuacións desenvolvidas no exercicio das súas competencias polas distintas Concellarías e, sinaladamente, nos Departamentos ou organismos específicos con competencias en materia de igualdade dependentes do Concello de referencia.
3. Ofrecer ferramentas técnicas para a inclusión do enfoque de xénero no deseño e a xestión das políticas públicas municipais .
4. Implicar ás distintas Concellerías na posta en marcha das medidas concretas contempladas no Plan de Igualdade, considerando as súas áreas de competencia.
5. Servir de referente a outros Concellos, entidades e/ou empresas, en materia de igualdade de oportunidades, establecendo medidas que apoién, impulsen e orienten o desenvolvemento efectivo das súas propias competencias en materia de igualdade.
6. Establecer mecanismos de prevención e tratamento específicos para os casos de violencia de xénero e asistencia a mulleres en risco de exclusión social.

Así, tendo en conta a realidade do Concello, a normativa de referencia e os recursos materiais e humanos dispoñibles, así como os traballos de análise e recollida de propostas realizada coas entidades e asociacións locais referidas con anterioridade, **establécense como áreas de intervención deste I PIOM, as seguintes:**

**ÁREA 1: EDUCACIÓN E FORMACIÓN EN IGUALDADE**

**ÁREA 2: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE**

**ÁREA 3: PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

**ÁREA 4: INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN ACTIVA**

**ÁREA 5: SAUDE E BENESTAR SOCIAL**

## IV. CONTIDO DO I PIOM

### ÁREA 1: EDUCACIÓN E FORMACIÓN EN IGUALDADE

O rol que adquiren homes e mulleres en sociedade, ven determinado polo seu propio proceso de socialización. Partindo desta premisa, as actuacións municipais contempladas nesta área, pretenden impulsar o cambio de roles (papeis sociais) que determinan as desigualdades entre homes e mulleres, incidindo nos eidos da educación, a cultura, o ocio e os usos que as persoas fan dos seus tempos de lecer.

**OBXECTIVO XERAL:** Impulsar a educación en igualdade e o fomento de accións formativas para o empoderamento e a capacitación dos colectivos de mulleres en risco de exclusión social.

#### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

1. Sensibilizar á poboación en materia de igualdade.
2. Desenvolver actividades nos diversos ámbitos educativos que contribúan á consideración igualitaria da muller.
3. Visibilizar as achegas das mulleres ao mundo da cultura, a ciencia e o deporte.
4. Fomentar accións formativas destinadas ao empoderamento e mellora da capacitación dos colectivos de mulleres en risco de exclusión social.
5. Fomentar o uso dunha imaxe neutra e linguaxe inclusiva nas comunicacións do Concello.

## **MEDIDAS DE INTERVENCIÓN:**

### **1.1. Elaboración e difusión anual dun catálogo de libros, materiais didácticos e ferramentas dixitais non sexistas entre os centros educativos e as familias.**

#### **Axentes implicados:**

Concellería Muller, Centros Educativos.

#### **Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:**

Persoal técnico da concellería da muller.

#### **Indicadores de seguimento:**

- Núm. de materiais seleccionados.
- Núm. de materiais distribuídos
- Núm. de centros de ensino nos que se distribúe
- Núm. de ANPAS
- Recursos económicos.

#### **Destinatarios/as:**

Centros educativos, nenos/as e familias.

### **1.2. Dotación de material bibliográfico de igualdade na biblioteca municipal e nas bibliotecas escolares.**

#### **Axentes implicados:**

Concellería Muller, Centros Educativos, Biblioteca municipal.

#### **Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:**

Persoal técnico da concellería da muller.

#### **Indicadores de seguimento:**

- Núm. de materiais seleccionados.
- Núm. de materiais distribuídos
- Núm. de centros de ensino nos que se distribúe
- Recursos económicos.

#### **Destinatarios/as:**

Poboación en xeral.

### **1.3. Realización dunha escola de nais e país en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia.**

#### Axentes implicados:

Concellería Muller, ANPAS, Servicios sociais.

#### Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico da concellería da muller.

#### Indicadores de seguimento:

- Núm. de actividades realizadas
- Núm. e perfil das persoas asistentes desagregadas por sexo.
- Grado de satisfacción dos asistentes. (Cuestionario)
- Recursos económicos.

#### Destinatarios/as:

Familias.

### **1.4. Organización de contacontos, xogos e actividades que promovan valores igualitarios para nenas e nenos de 0 a 6 anos.**

#### Axentes implicados:

Concellería Muller

#### Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico da concellería da muller.

#### Indicadores de seguimento:

- Núm. de actividades realizadas
- Núm. de asistentes.
- Recursos económicos.

#### Destinatarios/as:

Familias.

### **1.5. Realización de programación estable de actividades para o alumnado da ESO dirixida a fomentar a igualdade de oportunidades (utilización das redes sociais, micromachismo...)**

#### **Axentes implicados:**

Concellería Muller, Centros de ensino, alumnado.

#### **Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:**

Persoal técnico da concellería da muller..

#### **Indicadores de seguimento:**

- Núm. e tipoloxía de actividades realizadas.
- Núm. de asistentes desagregados por sexo.
- Grado de satisfacción. (Cuestionarios)
- Recursos económicos.

#### **Destinatarios/as:**

Centros de ensino. Alumnado da ESO.

### **1.6. Oferta formativa en materia igualdade de oportunidades e prevención da violencia de xénero dirixida as ANPAS e Asociacións Locais.**

#### **Axentes implicados:**

Concellería Muller, ANPAS, Asociacións.

#### **Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:**

Persoal técnico da concellería da muller..

#### **Indicadores de seguimento:**

- Núm. e tipoloxía de actividades realizadas.
- Núm. de asistentes desagregados por sexo.
- Grado de satisfacción. (Cuestionarios)
- Recursos económicos.

#### **Destinatarios/as:**

ANPAS e Asociacións Locais.

### **1.7. Elaboración e difusión dunha guía municipal sobre o emprego dunha imaxe e linguaxe non sexista.**

#### Axentes implicados:

Concellería Muller e Concellería de Emprego

#### Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico da concellería da muller e emprego

#### Indicadores de seguimento:

- Núm. de guías distribuídas
- Núm. e medios polos que se distribúe (registros de entrega).
- Grado de satisfacción coa guía (cuestionarios)
- Recursos económicos.

#### Destinatarios/as:

Persoal do Concello e organismos municipais.

### **1.8. Establecer campañas de concienciación e visibilización do traballo desenvolvido polas mulleres, especialmente con motivo do día internacional da muller traballadora 8 de marzo. (*exposicións/obradoiros adicados a unha muller destacada na historia*)**

#### Axentes implicados:

Concellería Muller e Emprego

#### Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico da concellería da muller e emprego

#### Indicadores de seguimento:

- Núm. e tipoloxía de actividades realizadas
- Invitacións remitidas
- Carteis e publicacións
- Núm. de asistentes desagregados por sexo (sempre que se poida)
- Control de asistencia
- Recursos económicos.

#### Destinatarios/as:

Poboación en xeral



**1.9. Empregar a aula de informática municipal para introducir as mulleres nas tecnoloxías, na procura de emprego, nas redes sociais, etc. (Fomento da redución da fenda dixital existente).**

Axentes implicados:

Concellería Muller e Emprego. Servizo de Informática municipal.

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico da concellería da muller.

Indicadores de seguimento:

- Núm. e tipoloxía de actividades realizadas
- Núm. de asistentes desagregados por idade.
- Grado de satisfacción dos asistentes (cuestionarios)
- Recursos económicos.

Destinatarios/as:

Colectivos de mulleres en risco de exclusión social.

**1.10. Establecer canais de voluntariado para establecer actividades de reforzo escolar dirixidas a nenos/as de familiares con escasos recursos.**

Axentes implicados:

Concellería Muller. Voluntariado. Alumnos. Servicios Sociais.

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico da concellería da muller.

Indicadores de seguimento:

- Núm. e tipoloxía de actividades realizadas
- Núm. de persoas asistentes desagregados por idade.
- Grado de satisfacción dos asistentes (cuestionarios)
- Recursos económicos.

Destinatarios/as:

Nenos/as e familias do Concello con escasos recursos.

## ÁREA 2: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

O traballo representa o medio fundamental para a independencia e sustento das persoas, así como a súa integración activa na sociedade. A realidade sociolaboral das mulleres segue a caracterizarse pola precariedade, a fenda salarial, o paro, ou os problemas de conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral .

